

XEOGRAFÍA

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixiadas as 2 primeiras respondidas**. / El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde más preguntas de las permitidas, **solo serán corregidas las 2 primeras respondidas**.

PREGUNTA 1. Defina 10 dos 15 termos propostos, indicando exemplos de España ou Galicia / Defina 10 de los 15 términos propuestos, indicando ejemplos de España o Galicia: (5 puntos, 0,5 puntos por definición)

1. Ría, 2. Isóbara (*isobara*), 3. Cunca fluvial (*cuenca fluvial*), 4. Padrón municipal, 5. Réxime demográfico (*régimen demográfico*), 6. Área metropolitana, 7. Esperanza de vida, 8. Marisma, 9. Plan xeral de ordenación urbana - PXOU (*plan general de ordenación urbana - PGOU*), 10. Laurisilva, 11. Aridez, 12. Desagrarización, 13. Avesedo (*umbría*), 14. Tómbolo, 15. Xentrificación (*gentrificación*).

PREGUNTA 2 Desenvolva un dos dous temas seguintes / Desarrolle uno de los dos temas siguientes:

2.1. Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España. a) Factores xeográficos: latitude, situación, influencia do mar, relevo. b) Factores termodinámicos: en altura (*Jet Stream*) e en superficie (centros de acción, masas de aire, frentes) / Factores geográficos y termodinámicos que influyen en el clima de España". a) Factores geográficos: latitud, situación, influencia del mar, relieve. b) Factores termodinámicos: en altura (*Jet Stream*) y en superficie (centros de acción, masas de aire, frentes). (5 puntos)

2.2. Situación actual da industria en España. a) Os problemas estruturais (dimensión, I+D+i, tecnoloxía). b) Tendencias recentes da industria en España: globalización e deslocalización / Situación actual de la industria en España. a) Los problemas estructurales (dimensión, I+D+i, tecnología). b) Tendencias recientes de la industria en España: globalización y deslocalización. (5 puntos)

PREGUNTA 3. Análise de documento gráfico / Análisis de documento gráfico:

Atendendo ás figuras 1 e 2: a) Enumere catro provincias que teñan paisaxe agraria de montaña (figura1). **(1 punto)**; b) Identifique e describa os tipos de documento representados nas figuras 1 e 2. **(1 punto)**; c) Indique os tipos de paisaxes agrarias de España sinalados cos números 1, 2 e 4 na figura 1. **(1 punto)**; d) Comente as características da paisaxe da figura 2. **(1 punto)**; e) Explique as consecuencias do tipo de actividade que se desenvolve na figura 2. **(1 punto)**.

Atendiendo a las figuras 1 y 2: a) Enumere cuatro provincias que tengan paisaje agrario de montaña (figura 1). **(1 punto)**; b) Identifique y describa los tipos de documento representados en las figuras 1 y 2. **(1 punto)**; c) Indique los tipos de paisajes agrarios de España señalados con los números 1, 2 y 4 en la figura 1. **(1 punto)**; d) Comente las características del paisaje de la figura 2. **(1 punto)**; e) Explique las consecuencias del tipo de actividad que se desarrolla en la figura 2. **(1 punto)**.



Figura 1. Fonte: Editorial Anaya



Figura 2. Fonte: Google Earth

PREGUNTA 4. Análise de documento gráfico / Análisis de documento gráfico:

Atendendo á figura 3: a) Indique as cinco provincias españolas que teñen fronteira con Francia (**1 punto**); b) Identifique a figura 3 e describa a información representada na mesma. (**1 punto**); c) Explique as características principais da paisaxe vexetal relacionada coa figura 3. (**1,5 puntos**); d) Xustifique a variación de formacións vexetais en función da altura e da orientación que reflicte o piso subalpino da figura 3. (**1,5 puntos**).

Atendiendo a la figura 3: a) Indique las cinco provincias españolas que tienen frontera con Francia. (**1 punto**); b) Identifique la figura 3 y describa la información representada en la misma. (**1 punto**); c) Explique las características principales del paisaje vegetal relacionado con la figura 3. (**1,5 puntos**); d) Justifique la variación de formaciones vegetales en función de la altura y de la orientación que refleja el piso subalpino de la figura 3. (**1,5 puntos**).




Figura 3 - Pirineos / Fonte: Editorial Santillana



Mates CCSS: practica con exámenes reales y sube tu nota.

selectividad.academy - 623 769 002

XEOGRAFÍA

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 2 primeiras respondidas**. / El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirán las 2 primeras respondidas**

PREGUNTA 1. Defina 10 dos 15 termos propostos, indicando exemplos de España ou Galicia / Defina 10 de los 15 términos propuestos, indicando ejemplos de España o Galicia: (5 puntos, 0,5 puntos por definición)

1. Censo de poboación (*censo de población*), 2. Explotación intensiva, 3. Laurisilva, 4. Tectónica de placas, 5. Taxa de fecundidade (*tasa de fecundidad*), 6. Isoheta (isoyeta), 7. Landa, 8. Aluvión, 9. Meseta, 10. Acuicultura, 11. Economía somerxida (*economía sumergida*), 12. Poboación activa (población activa), 13. Ría, 14. Municipio, 15. Barlovento.

PREGUNTA 2 Desenvolva un dos dous temas seguintes / Desarrolle uno de los dos temas siguientes:


2.1. Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares (da era arcaica ao glaciario cuaternario) / Formación y evolución geomorfológica de la Península Ibérica y de las Islas Canarias y Baleares (de la era arcaica al glaciario cuaternario). (5 puntos)

2.2. Transformacións recentes na estrutura agropecuaria española, guiado polos seguintes apartados: a) As explotacións agrarias. b) Técnicas e sistemas agrarios. c) Política Agrícola Común / Transformaciones recientes en la estructura agropecuaria española, a partir de los siguientes apartados: a) Las explotaciones agrarias. b) Técnicas y sistemas agrarios. c) Política Agrícola Común. (5 puntos)

PREGUNTA 3. Análise de documento gráfico / Análisis de documento gráfico:

Atendendo ás figuras 1 e 2: a) Cite as catro provincias que teñen unha porcentaxe máis alta de poboación residindo na súa capital (figura 1). **(1 punto)**; Comente o documento da figura 2 atendendo ás seguintes cuestións: b) Identifique e describa a información representada, e determine o emprazamento e a localización da cidade. **(1 punto)**; c) Relacione a evolución histórica da cidade cos tipos de trama que presenta o plano. **(1,5 puntos)**; d) Comente os problemas actuais das zonas antigas urbanas e posibles solucións. **(1,5 puntos)**.

Atendiendo a las figuras 1 y 2: a) Cite las cuatro provincias que tienen un porcentaje más alto de población residiendo en su capital (figura1). **(1 punto)**; Comente el documento de la figura 2 atendiendo a las siguientes cuestiones: b) Identifique y describa la información representada, y determine el emplazamiento y la localización de la ciudad. **(1 punto)**; c) Relacione la evolución histórica de la ciudad con los tipos de trama que presenta el plano. **(1,5 puntos)**; d) Comente los problemas actuales de las zonas antiguas urbanas y posibles soluciones. **(1,5 puntos)**.






Figura 2. Fonte: <http://www.mapasvectoriales.com>

PREGUNTA 4. Análise de documento gráfico / Análisis de documento gráfico:

Atendendo ás figuras 3 e 4: a) A partir da información da figura 3, indique o nome dos cinco sistemas montañosos sinalados nela. **(1 punto)**; b) Identifique os tipos de documento e a información presentada nas figuras 3 e 4. **(1 punto)**; c) Explique como inflúen os condicionantes físicos no desenvolvemento da vexetación propia desta rexión. **(1,5 puntos)**; d) Indique as características climáticas propias deste dominio. **(1,5 puntos)**.

Atendiendo a las figuras 3 y 4: a) A partir de la información de la figura 3, indique el nombre de los cinco sistemas montañosos señalados en ellas. **(1 punto)**; b) Identifique los tipos de documento y la información presentada en las figuras 3 y 4. **(1 punto)**; c) Explique cómo influyen los condicionantes físicos en el desarrollo de la vegetación propia de esta región. **(1,5 puntos)**; d) Indique las características climáticas propias de este dominio. **(1,5 puntos)**.



Figura 3



Figura 4. Picos de Europa (Fonte: www.turismodeasturias.es)



Calcula tu nota en selectividad.academy/calculadora-selectividad
Herramienta gratuita

ABAU 2021
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
XEOGRAFÍA
(Cód. 35)

PREGUNTA 1. Defina 10 dos 15 termos propostos, indicando exemplos de España ou Galicia. (5 puntos, 0,5 puntos por definición)

1. Ría: Val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial, relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes. As Rías Altas e Baixas galegas son bo exemplo disto.

2. Isóbara: Liña imaxinaria que une os puntos da superficie terrestre que rexistran unha mesma presión atmosférica. Nos mapas do tempo, as isóbaras trázanse cada 4mbs. Cando o seu valor supera o da presión normal (1013mb) constitúen anticiclóns, cando se sitúa por baixo, borrascas.

3. Cunca fluvial ou hidrográfica: É a porción de terro que drena a un colector principal (río ou lago) limitada por unha liña de cumes ou divisoria de augas, liña desde a que as augas correntes flúen en direccións opostas, e que adoita coincidir cos niveis máis elevados de determinados sistemas montañosos.

4. Padrón municipal de habitantes: rexistro que leva a cabo cada concello sobre a poboación que vive no seu municipio. Contén tamén información sobre as características da poboación, aínda que algo menos detallada que a do censo. A súa principal vantaxe é a de tratarse dun rexistro vivo, dinámico, xa que cando unha persoa se traslada a vivir a outro municipio ten a obriga legal de empadroarse nel. De aí que sexa denominado padrón continuo de poboación. Isto quere dicir que en calquera momento se pode coñecer a cantidade de poboación dun municipio, así como as súas principais características, polo que é un dato de vital importancia para os concellos, xa que reciben máis ou menos financiamento en función da poboación que teñan.

5. Réxime demográfico: Etapa na evolución do movemento natural dunha poboación cunhas características determinadas en canto á natalidade, á mortalidade e ao crecemento natural ou vexetativo. Distínguese: 1) o antigo réxime demográfico, con altas taxas de natalidade e mortalidade e crecemento vexetativo escaso; 2) o réxime demográfico moderno, con taxas de natalidade e mortalidade moi baixas.

6. Área metropolitana: Rexión urbana que engloba unha cidade central que dá nome a área e unha serie de cidades satélites que poden funcionar como cidades-dormitorio, industriais, comerciais e servizos, todo organizado de xeito centralizado.

7. Esperanza de vida: Cálculo do número de anos que unha persoa pode esperar vivir ben no momento de nacer ou cando acada unha determinada idade, sempre que os niveis de mortalidade permanezan constantes Obtense a partir das táboas de

mortalidade. A esperanza de vida é maior nas mulleres que nos homes, situándose en 2020 en 85,4 anos para as mulleres e 80,1 para os homes (en España, INE).

8. Marisma: Terreo pantanoso, de auga salgada, situado nas proximidades da costa, case sempre á beira das desembocaduras de ríos. Un exemplo, en España, serían as marismas do Guadalquivir.

9. Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU): Instrumento de ordenación integral do territorio. Contén a clasificación do solo, definición dos elementos fundamentais da estrutura xeral do territorio (como poden ser fixar os espazos libres, de equipamento comunitario, os sistemas xerais de comunicación etc.), desenvolvemento, execución e a vivencia do plan. Adoita ser municipal, Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

10. Laurisilva: É un bosque nuboso subtropical, propio de lugares húmidos, cálidos e sen xeadas, con grandes árbores, que en España se dá nas illas Canarias, máis concretamente nas vertentes setentrionais das illas occidentais de maior elevación, alí onde o “mar de nubes” –determinado pola afluencia dos alisios- permite o seu crecemento.

11. Aridez: termo que indica sequidade, falta de humidade. O índice de aridez establece a relación entre as chuvias e o poder desecante da evaporación, representada polas temperaturas.

12. Desagrarización: Concepto que fai referencia á perda de poboación dedicada á actividade agraria, así como á perda de importancia económica da actividade agrícola nun territorio, e o conseguente debilitamento das institucións sociais vencelladas a esta actividade que organizan diferentes aspectos da vida social. En toda España tense producido este proceso, especialmente dende finais dos anos setenta.

13. Avesedo (umbría): É unha zona que, pola súa orientación, está sempre en sombra. Nas montañas é a vertente do val exposta á sombra e oposta á solaina. As súas temperaturas máis baixas adoitan traducirse en diferenzas de vexetación, sendo os bosques máis amplos. En España é a orientada ao norte.

14. Tómbolo: Illotes rochosos unidos ao litoral por unha barra de area. Poden ser dobres cando son dúas as barras areentas quedando entón unha lagoa entre ambas as dúas.

15. Xentrificación: Proceso de transformación urbana no que a poboación orixinal dun sector ou barrio deteriorado e con pauperismo é progresivamente desprazada por outra dun maior nivel adquisitivo á vez que se renova. O termo é un neoloxismo que procede do inglés "gentrification".

PREGUNTA 2. Desenvolva un dos dous temas seguintes

2.1. Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España". a) Factores xeográficos: latitude, situación, influencia do mar, relevo. b) Factores termodinámicos: en altura (Jet Stream) e en superficie (centros de acción, masas de aire, fronte). (5 puntos)

A) Factores xeográficos:

- A latitude de España, situada na zona temperada do hemisferio norte, determina a existencia de dúas estacións ben marcadas (verán e inverno), separadas por dúas de transición (primavera e outono). En Canarias, pola súa localización no extremo sur da zona temperada, en contacto co dominio intertropical, os contrastes entre estacións son menos marcados.

- A situación da Península, entre dúas masas de auga de características térmicas distintas (o océano Atlántico e o mar Mediterráneo) e entre dous continentes (Europa e África) convértea nunha encrucillada de masas de aire de características distintas. Canarias recibe tamén influencias atmosféricas variadas debido á súa insularidade e á súa proximidade ás costas africanas.

- A influencia do mar é escasa na Península, froito da súa grande anchura, das súas costas pouco recortadas e da existencia de relevos montañosos paralelos á costa. Este feito establece claras diferenzas entre unha estreita periferia, aberta ó mar, e un ancho núcleo de terras interiores con tendencia climática continental. Pola súa parte, a influencia do mar é decisiva nos dous arquipélagos.

- O relevo inflúe no clima a causa da disposición, da altura e da orientación. Os sistemas montañosos paralelos á costa frean a influencia do mar, que só penetra con claridade polo val do Guadalquivir. A posición (oeste-leste) da maioría dos relevos montañosos favorece a entrada de masas de aire marítimo do oeste. O carácter macizo da Península fai que diminúa a súa actividade ao penetrar no interior e que as súas temperaturas se extremen.

As concas pechadas por montañas, como as depresións do Douro e do Ebro, teñen precipitacións escasas (as masas de aire descargan a súa humidade nos sistemas montañosos que as bordean) e néboas frecuentes causadas polo estancamento do aire.

- A altura fai diminuír as temperaturas (aproximadamente 6º por cada 1000 metros de ascenso) e determina precipitacións orográficas nas ladeiras de barlovento, precipitacións “ocultas” (xeadas e orballo) e precipitacións “horizontais” (producidas polas nubes).

- A orientación crea contrastes climáticos entre os solleiros e aveseados. E diferenzas pluviométricas entre as abas de barlovento e sotavento.

B) Factores termodinámicos:

- A circulación en altura: a corrente en chorro. Circula en dirección oeste-leste entre os nove e os once quilómetros de altitude. O chorro separa as baixas presións que hai sobre o polo en altura, que quedan á esquerda da súa traxectoria, das altas presións tropicais, situadas á súa dereita. A súa velocidade e os seus desprazamentos estacionais inflúen no tempo en superficie.

A velocidade da corrente é variable. Cando circula rápido, presenta suaves ondulacións e ten un trazado case zonal, con suaves ondulacións, que corresponden en superficie coa fronte polar e as súas borrascas. Pero cando a súa velocidade diminúe, describe profundas ondulacións: cristas ou dorsais que orixinan altas presións e vales ou valgadas que orixinan baixas presións. Ambas reflíctense en superficie e dan lugar a anticiclóns e borrascas dinámicos. As ondulacións, que poden chegar a desprenderse do chorro principal, permítenlle ó aire polar penetrar moi ó sur, e ó aire tropical desprazarse cara ó norte, o que lle dá gran variabilidade ó tempo da zona temperada.

Os desprazamentos estacionais do chorro en latitude determinan que afecte a España principalmente en inverno, mentres que en verán se traslada cara a latitudes máis setentrionais e, polo xeral, só incide na franxa cantábrica peninsular.

- A circulación en superficie: centros de acción, masas de aire e fronte. A circulación atmosférica está dirixida polos centros de acción, polas masas de aire e polas fronte:

- Os centros de acción son áreas de altas e baixas presións. A presión atmosférica é o peso do aire sobre unha unidade de superficie. Mídese en milibares (mb) mediante o barómetro e represéntase nos mapas do tempo mediante as isóbaras ou liñas que unen puntos con igual presión. Nestes mapas, as isóbaras van de 4 en 4 mb. A presión normal é de 1013,5 mb, aínda que nos mapas do tempo adoite considerarse un valor de 1016 mb. Unha alta presión ou anticiclón é unha zona de altas presións rodeada por outras de presión máis baixa. Os ventos circulan ó seu arredor no sentido das agullas do reloxo. Produce tempo estable. Unha baixa presión, depresión, borrasca ou ciclón é unha zona de baixas presións rodeada doutras de presión máis baixa. Os ventos circulan ó seu arredor no sentido das agullas do reloxo. Produce tempo estable. Unha baixa presión, depresión, borrasca ou ciclón é unha zona de baixas presións rodeada doutras de presión máis alta. Os ventos circulan ó seu redor en sentido contrario ó das agullas do reloxo. Produce tempo inestable, frecuentemente chuvioso.

Pola súa orixe, os centros de acción poden ser térmicos ou dinámicos: Un anticiclón térmico fórmase cando unha masa de aire arrefría: o aire frío pesa máis, descende e exerce unha alta presión. Unha baixa térmica fórmase cando o aire se quenta: o aire quente pesa menos, elévase e exerce unha baixa presión.

Os centros de acción dinámicos fórmanse en determinadas zonas nas que en altura a corrente en chorro forma cristas (áreas anticiclónicas) ou valgadas (áreas depresionarias), que se reflicten en superficie.

Os centros de acción que dirixen a circulación sobre a Península son os seguintes:

Centros de acción anticiclónicos: o anticiclón das Azores, que no verán se despraza cara ó norte e no inverno cara ó sur; os anticiclóns polares atlánticos; o anticiclón escandinavo; e os anticiclóns térmicos do continente europeo e do interior da Península, formados polo arrefriamento do chan en inverno.

Centros de acción depresionarios: a depresión de Islandia; a depresión do golfo de Xénova, formada cando posicións de aire frío continental europeo chegan ó

Mediterráneo, máis cálido e húmido; e as depresións térmicas do norte de África e do interior peninsular formadas polo calentamento do chan en verán.

- As masas de aire son porcións de aire cunhas características determinadas de temperatura, humidade e presión. Estas características adquirenas nas súas rexións de orixe, tamén chamadas rexións mananciais. Debido á latitude de España, as rexións mananciais das que proceden as masas de aire que lle afectan son a zona ártica (A), a zona polar (P) e a zona tropical (T). As dúas primeiras dan lugar a masas de aire frías e a terceira orixina masas de aire cálidas. Nos tres casos, e dependendo da superficie da rexión de orixe, poden ser masas de aire marítimas húmidas (m) ou masas de aire continentais secas (c).

Estas características orixinais pódense modificar se as masas de aire percorren grandes distancias. Unha masa de aire fría que descende en latitude, requéntase pola base e inestabilízase; pola contra, unha masa de aire cálida que ascende en latitude arrefríase pola base e estabilízase. Unha masa de aire orixinariamente seca que realiza un percorrido mariño, humedécese e inestabilízase; unha masa de aire orixinariamente húmida que realiza un percorrido continental, desécase e estabilízase.

- As fronteas son superficies que separan dúas masas de aire de características distintas. Polo tanto, a ambos os lados dunha fronte prodúcese un cambio brusco das propiedades do aire. A fonte máis importante para España é a fronte polar, que separa as masas de aire tropical e polar. As súas ondulacións constitúen as borrascas de dúas fronteas, cálida e fría, separadas por un sector cálido. Como a fronte fría avanza máis rapidamente, o sector cálido estréitase ata desaparecer (oclusión). Con iso remata a enerxía da borrasca.

2.2. Situación actual da industria en España". a) Os problemas estruturais (dimensión, I+D+i, tecnoloxía). b) Tendencias recentes da industria en España: globalización e deslocalización. (5 puntos)

España é un país integrado no conxunto dos países industriais do mundo. Mais o desenvolvemento da actividade industrial en España non acadou un nivel notable ata a segunda metade do século XX. A crise industrial de 1973- 1974, que evidenciou a necesidade de cambiar os sistemas de produción, coincidiu coa revolución tecnolóxico-informática ou terceira revolución industrial. Desenvolveuse unha nova etapa denominada postindustrial ou informacional, que deu lugar a novos modelos de empresas cunha importancia crecente das novas tecnoloxías, a innovación e a investigación. O ingreso de España na Unión Europea (a partir de 1986) supuxo o final do proteccionismo e a apertura do mercado á competencia exterior, que ten provocado unha reconversión industrial e peche de moitas industrias non competitivas.

a) Problemas estruturais (dimensión, I+D+i, tecnoloxía).

A industria española presenta diversos problemas estruturais que afectan negativamente á súa competitividade fronte á economía europea e global:

- Existe un escaso número de grandes empresas,
- A produtividade industrial é inferior á da Unión Europea.
- O nivel de intensidade tecnolóxica é baixo, e a porcentaxe de investimento en I+D é insuficiente.

Todo isto provoca unha balanza tecnolóxica deficitaria: as principais empresas de automóbiles, maquinaria eléctrica, aparellos electrodomésticos e produtos farmacéuticos fabrican con patentes estranxeiras, que son un enorme gasto para España que debe pagar pola súa aplicación.

b) Tendencias recentes da industria en España: globalización e deslocalización.

A industria tivo un ritmo positivo de crecemento de vendas, produción e demanda, aínda que vai perdendo importancia dentro do conxunto de actividades económicas a causa da terciarización xeral da economía e do emprego.

A crise financeira de 2007, xurdida inicialmente nos Estados Unidos, afectou posteriormente a toda a economía mundial. Na Unión Europea iniciouse unha tendencia xeral á baixa, que en España reflectiuse nunha recesión da carteira de pedidos, un aumento dos *stocks* e unha desaceleración do emprego.

A incorporación de novos países á UE afectou á industria española por diversos motivos: estes países gozan dunha maior proximidade ao grande eixe industrial europeo que constitúen os países nórdicos, Alemaña e o Norte de Italia; ademais, a estrutura produtiva é semellante á española, a man de obra máis barata, e a súa produtividade e cualificación en alta tecnoloxía, maior. Así mesmo, o investimento de capital estranxeiro permitiulles a implantación de empresas de alta tecnoloxía, co que aumentou o seu potencial industrial dentro da UE.

Un dos sectores da industria española máis afectados é o dos automóbiles, no que España mantivo un bo ritmo de exportacións; o sector está dominado por empresas de capital estranxeiro que poden deslocalizar as industrias na procura de menores custos.

O actual tecido industrial español estase a incorporar á globalización económica, de maneira que as nosas zonas industriais se configuran como puntos dunha rede de produción a nivel mundial. Nunha economía globalizada, as empresas buscan a competitividade para aumentar a súa cota de mercado; disto derívanse as causas da deslocalización: a busca de menores custos laborais e de mellores condicións fiscais e técnicas. Por esta razón, as empresas se trasladan a lugares como o Leste de Europa, Sueste asiático, China... As consecuencias das deslocalizacións son o incremento da taxa de paro e a perda de emprego no sector secundario, que tende cada vez máis a terciarizarse.

PREGUNTA 3. Análise de documento gráfico:

Atendendo ás figuras 1 e 2, conteste:

a) Enumere catro provincias que teñan paisaxe agraria de montaña (figura 1). (1 punto)

León, Ourense, Zamora, Palencia, Burgos, A Rioxa, Huesca, Lleida, Xirona, Barcelona, Salamanca, Cáceres, Ávila, Segovia, Soria, Teruel, Cuenca, Cádiz, Málaga e Granada.

b) Identifique e describa os tipos de documento representados nas figuras 1 e 2. (1 punto)

Figura 1: mapa corocromático de España, con división administrativa provincial e autonómica, indicando os 5 grandes tipos de paisaxes agrarias existentes.

Figura 2: fotografía aérea de superficie de invernadoiros, con cultivos baixo plástico no SE peninsular.

c) Indique os tipos de paisaxes agrarias de España sinalados cos números 1, 2 e 4 na figura 1. (1 punto);

Paisaxe 1: paisaxe da España húmida.

Paisaxe 2: paisaxe de montaña, húmida e mediterránea.

Paisaxe 4: paisaxe da España mediterránea litoral, especializada en horticultura de regadío.

d) Comente as características da paisaxe da figura 2. (1 punto);

Esta é unha paisaxe agraria na que se distinguen factores naturais e humanos:

-Entre os naturais, o relevo é propio dunha chaira, sen pendentes significativas; o clima acada temperaturas medias elevadas ao longo do ano -cunha notable insolación anual, e escasas precipitacións -inferiores aos 250 mm anuais, polo que ten trazas de aridez dos dominios mediterráneos esteparios ou subdesérticos.

- Entre os humanos cabe citar un poboamento disperso, unha tenza da terra predominante en propiedade directa - aínda que tamén é importante a cantidade de superficie en aluguer, e un hábitat disperso característico de áreas hortícolas; a meirande parte das propiedades teñen dimensións minifundistas.

A partir dos anos 1970, a área do SE peninsular comezou a desenvolver unha especialización en cultivos para o mercado, orientados en moitos casos aos países membros da CEE (actual UE). España converteuse daquela na "horta de Europa", e nas chairas almerienses medraron paisaxes de invernadoiros e enareados que pasaron a coñecerse como "mar de plástico", pola visión aérea que deste espazo nos proporciona Google Earth.

Baixo o plástico, créanse unhas condicións óptimas para o cultivo de produtos de horta (tomate, pepino, pementos, etc.) e froitas tropicais que son auténticas primicias mesmo en inverno. A PAC favoreceu e promocionou este tipo de especialización mediterránea no caso da agricultura española.

É unha área de elevada produtividade, baseada:

- a) no uso de sementes escollidas e axeitadas ao gusto do consumidor;
- b) cultivos transxénicos para aumentar a produtividade agrícola;
- c) uso intensivo de fertilizantes e praguicidas;
- d) nunha utilización intensiva da auga, mellorando os sistemas de regadío por aspersión e pingueira para tratar de aforrar o consumo deste ben escaso e prezado;
- e) no emprego dunha man de obra, sobre todo inmigrantes - de procedencia magrebí e subsahariana, en boa medida de xornaleiros contratados descontinuamente.

A paisaxe resultante é intensiva na ocupación do espazo e uniforme na imaxe exterior que ofrece.

e) Explique as consecuencias do tipo de actividade que se desenvolve na figura 2. (1 punto).

As consecuencias dunha agricultura intensiva e de mercado, con gran ocupación do espazo, pódense agrupar en:

Económicas: impulso da actividade de produción hortícola, centros loxísticos e investigación. Asentamentos do Campo de Dalías como El Ejido medraron en renda per cápita e acadaron unha economía de gran dinamismo, o que contribúe a incrementar de xeito directo o PIB provincial de Almería. As tarefas agrarias teñen moitas veces unha estacionalidade que repercute no emprego. Dado o alto rendemento dos cultivos, a poboación activa do sector primario é predominante.

Demográficas: incremento da poboación, rexuvenecemento por mor da inmigración, problemas de integración cultural.

Medioambientais: a sobreexplotación dos acuíferos e arrosos provoca unha forte contaminación das augas do manto freático e procesos de salinización; xeración de enormes cantidades de refugallos plásticos, dificilmente reutilizables e reciclables; perda de grande cantidade de produtos agrícolas que non chegan al consumidor final; perda de vexetación autóctona; contaminación química do solo polo uso de fertilizantes e produtos fitosanitarios; incremento das emisións de dióxido de carbono e contribución ao cambio climático antropoxénico por mor da utilización de tecnoloxías baseadas nos combustibles fósiles, e con iso se inicia tamén a desertificación deste espazo da Península.

En suma, hai consecuencias positivas (alto dinamismo demográfico e económico, con fixación da poboación ao territorio) e negativas (sobre todo no que atinxe aos impactos medioambientais). Solucionar estes impactos fará posible -ou non- manter a alta produtividade desta área xeográfica.

PREGUNTA 4. Análise de documento gráfico.

Atendendo á figura 3:

a) Indique as cinco provincias españolas que teñen fronteira con Francia. (1 punto)

Xirona, Lleida, Huesca, Navarra e Guipúscoa.

b) Identifique a figura 3 e describa a información representada na mesma. (1 punto)

A figura 3 é unha cliserie dos Pireneos. Unha cliserie é un gráfico que representa a gradación da vexetación en función da altura e da orientación. No gráfico aparece representada unha montaña cun eixe vertical onde figura a altitude dende a base ata o seu cume, neste caso ao tratarse dos Pireneos de 0 a 3.500 metros.

Na montaña aparecen os debuxos recollidos na lenda das sete especies vexetais predominantes nos diferentes pisos (basal, montano, subalpino, alpino e nival) resaltados en distintas cores en función da súa altitude e da súa orientación norte ou sur. A Fonte é a editorial Santillana.

c) Explique as características principais da paisaxe vexetal relacionada coa figura 3 (1,5 puntos)

A paisaxe vexetal relacionada coa figura 3 é a paisaxe vexetal de montaña. Na montaña, a vexetación dispónse en pisos con formacións vexetais distintas, en función da altura e da orientación (barlovento/sotavento, solleiro/avesedo). En xeral, sucédense o bosque; as matogueiras, a partir da altura onde o frío impide o crecemento das árbores, os prados e plantas rupícolas adaptadas a vivir nas rochas.

A montaña alpina ou pirenaica, representada neste caso polos Pireneos, ten cinco pisos vexetais:

O piso basal e o montano, ata os 1.200 metros, inclúe a vexetación arbórea: aciñeiras e carballos (estas últimas na vertente sur).

O piso subalpino, entre os 1.200 e os 2.400 metros, reúne coníferas naturais, como o abeto, o piñeiro negro e o piñeiro silvestre. O abeto pode formar bosques mixtos coa faia. O sotobosque está constituído por arbustos como o rododendro (azalea) e a arandeira (mirtilo ou arándano).

O piso alpino, entre os 2.400 e os 3.000 metros, é o dominio do prado. Este ten un período vexetativo curto, xa que pasa sete ou oito meses cuberto pola neve, o que impide o desenvolvemento de plantas de maior tamaño. Nestas alturas abundan os sectores de rocha nú, e os pedregais, onde crecen pequenas plantas rupícolas.

O piso nival, sitúase por enriba dos 3.000 metros. Nos espazos de topografía algo plana ou de pendente reducida, a neve mantense todo o ano (neves perpetuas), e a vexetación é inexistente. Nos espazos de forte inclinación, onde a neve desaparece certo tempo, medran pequenas plantas rupícolas sobre a rocha (liques e mofos) ou no interior das gretas e fisuras.

d) Xustifique a variación de formacións vexetais en función da altura e da orientación que reflicte o piso subalpino da figura 3. (1,5 puntos).

As variacións en función da altura débense a que, ao aumentar a altitude, diminúe a temperatura e aumentan as precipitacións. Polo tanto, varían as condicións climáticas e as formacións vexetais correspondentes, dado que cada planta esixe unhas condicións térmicas e pluviométricas concretas.

Pola súa parte, as variacións en función da orientación poden estar motivadas pola posición a barlovento ou a sotavento do vento dominante, que determinan diferenzas nas precipitacións (as vertentes de barlovento son máis húmidas que as de sotavento); ou poden deberse á posición na aba do solleiro ou do aveseado (os solleiros son máis cálidos e máis secos cós avesados).

Combinando estes dous factores (altura e orientación) podemos ver no gráfico as seguintes diferenzas no piso subalpino:

Por un lado a presenza de bosques mixtos de abetos e faias na vertente norte (máis fresca e húmida que a sur) e unha maior extensión das coníferas na vertente sur (piñeiros e abetos).

Por outra lado a degradación vexetal é maior na orientación norte polo que a desaparición das especies arbóreas e a aparición dos prados alpinos prodúcese a menor altitude debido a ter menores temperaturas medias e unha maior humidade.

Outros factores que poden influír son alteracións locais nas condicións naturais (situación de abrigo, cambio de solo) ou alteracións debidas á acción humana (degradación da vexetación natural, introdución de especies de uso agrario ou de repoboación).



Prueba sin compromiso. Primera clase gratis.

selectividad.academy · 623 769 002

ABAU 2021
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
XEOGRAFÍA
(Cód. 35)

PREGUNTA 1. Defina 10 dos 15 termos propostos, indicando exemplos de España ou Galicia. (5 puntos, 0,5 puntos por definición).

1. Censo de poboación: É un documento no que se reconta a poboación dun país nun momento determinado, achéganos información sobre o volume de poboación dun lugar, a súa composición por sexo e por idades, estado civil, tamaño da familia, nivel de estudos, renda, etc.

2. Explotación intensiva: É aquela explotación agraria ou gandeira que elimina os barbeitos e recorre á produción continua do terreo, estimulada polo emprego de fertilizantes e o regadío artificial. Este tipo de agricultura intensiva obtén unha forte produtividade, sobre terreos moitas veces de extensión reducida. É moi habitual no litoral mediterráneo, especializado na horticultura.

3. Laurisilva: É un bosque nuboso subtropical, propio de lugares húmidos, cálidos e sen xeadas, con grandes árbores, que en España se dá nas illas Canarias, máis concretamente nas vertentes setentrionais das illas occidentais de maior elevación, alí onde o “mar de nubes” –determinado pola afluencia dos alisios- permite o seu crecemento.

4. Tectónica de placas: Teoría que explicou a deriva continental e outros fenómenos. A superficie exterior da Terra consiste en aproximadamente dez bloques ou placas ríxidas. Estas transportan os continentes e os solos oceánicos, están en constante movemento e son a causa de moita actividade xeolóxica (formación de montañas, volcáns e terremotos). As placas sofren tres tipos básicos de movementos: sepáranse, converxen e deslízanse.

5. Taxa de fecundidade: É a que relaciona o número de nados vivos nun ano co número de mulleres en idade (15-49) de ter fillos, e exprésase en tantos por mil. A taxa de fecundidade é igual ao número de nacementos multiplicado por 1000, dividido polo número de mulleres entre 15 e 49 anos. A taxa é alta se o valor é superior a 150‰, media se está situada entre 150‰ e 75‰ e baixa se é inferior a 75‰.

6. Isohieta: isoliña imaxinaria que une puntos con iguais valores de precipitacións, nun mapa no que se expresen cantidades de precipitación recibida por áreas. Utilízase sobre todo nos mapas climáticos.

7. Landa: Formación vexetal de matogueira, característica da rexión eurosiberiana e como consecuencia da degradación do bosque mixto atlántico. Está formada por

matogueiras como a xesta, o toxo e o breixo, podendo acadar os tres metros de altura. É característica da España húmida, asentándose sobre solos pobres e pouco aptos para o cultivo.

8. Aluvi3n: Dep3sito de materiais detr3ticos, transportado e depositado de xeito transitorio ou permanentemente por unha corrente de auga. Habitualmente, est3 composto por areas, gravas, arxilas ou limos, acumul3ndose nas canles das correntes, nas chairas inundables e nos deltas.

9. Meseta: Superficie plana de gran extensi3n, horizontal ou lixeiramente basculada, elevada con respecto ao nivel do mar. Apenas presenta accidentes topogr3ficos de importancia e os seus rebordes poden ser monta3osos. En Espa3a 3 a unidade principal do relevo peninsular.

10. Acuicultura: 3 o conxunto de actividades que, mediante alg3n tipo de intervenci3n no ciclo biol3xico ou no medio no que habitan os peixes, permiten controlar a s3a reproduci3n e/ou crecemento. 3 moi significativa en Galicia, e est3 restrinxida a un pequeno abano de especies, principalmente peixes, moluscos e crust3ceos, en funci3n da s3a importancia econ3mica e do desenvolvemento dunha tecnolox3a axeitada e limitada espacialmente 3 beiramar ou 3s augas continentais.

11. Econom3a somerxida: Conxunto de actividades econ3micas que se desenvolven de maneira subrepticia e escapan ao control fiscal e 3s leis e normativas laborais.

12. Poboaci3n activa: Sector da poboaci3n que se atopa en idade apta para traballar (16 a 65 anos). Se est3 empregada denom3nase poboaci3n activa ocupada; se est3 en paro, poboaci3n activa desocupada ou desempregada.

13. R3a: Val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevaci3n deste. A orixe xeomorfol3xica est3 relacionada cun asolagamento do val fluvial, relacionado con movementos isost3ticos e un afundimento tect3nico asociado 3 rede de fracturas preexistentes. As R3as Altas e Baixas galegas son bo exemplo disto.

14. Municipio: Entidade administrativa de car3cter local e divisi3n territorial que constit3e o nivel b3sico da organizaci3n do Estado espa3ol. O seu goberno e administraci3n corresponden ao concello.

15. Barlovento: Aba dun relevo monta3oso que pola s3a orientaci3n respecto ao vento dominante queda exposto ao fluxo ascendente do aire. A aba de sotavento, polo contrario, queda exposta ao fluxo descendente.

PREGUNTA 2. Desenvolva un dos dous temas seguintes

2.1. Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares (da era arcaica ao glaciario cuaternario). (5 puntos)

O relevo actual da Península é o resultado dunha historia xeolóxica de millóns de anos na que se alternaron fases oroxénicas con outras de calma, nas que predominou a erosión e a sedimentación.

1) Durante a era arcaica ou Precámbrico (4.000-600 millóns de anos) emerxeu do mar unha banda arqueada de noroeste a sueste, formada por lousas e gneis, que comprendía case toda a actual Galicia. Tamén xurdiron elevacións nalgúns puntos illados do Sistema Central e dos Montes de Toledo. Este macizo precámbrico foi arrasado posteriormente pola erosión e cuberto case na súa totalidade polos mares paleozoicos.

2) Na era primaria ou Paleozoico (600-225 millóns de anos) tivo lugar a oroxénese herciniana (ou varisca). Dos mares que cubrían a maior parte da Península xurdiron as cordilleiras hercinianas, formadas por materiais como o granito, lousa e cuarcita. Ao oeste elevouse o Macizo Hespérico, arrasado pola erosión durante a mesma era primaria e convertido en zócalo ou meseta inclinada cara ó Mediterráneo. Ó norleste apareceron os macizos de Aquitania, Catalano-Balear e do Ebro, e ó sueste, o Macizo Bético-Rifeño. Todos eles foron tamén arrasados pola erosión e durante a era primaria convertidos en zócolos.

3) A era secundaria ou Mesozoico (225-68 millóns de anos) foi un período de calma no que predominaron a erosión e a sedimentación. Continuou o aplanamento das cordilleiras hercinianas (ou variscas). A inclinación do zócalo da Meseta cara ó Mediterráneo permitiu, nos períodos de transgresión mariña, unha fonda penetración do mar, que depositou no seu bordo oriental unha cobertura non moi potente de materiais sedimentarios plásticos (calcaria, arenito, marga). Tamén se depositaron enormes espesuras de sedimentos en fosas mariñas situadas nas actuais zonas pirenaica e bética.

4) Durante a era terciaria (68-1,7 millóns de anos) produciuse a oroxénese alpina. Como resultado desta:

- Levantáronse as cordilleiras alpinas, ó pregarse os materiais depositados nas fosas pirenaica e bética entre os macizos antigos, que actuaron como topes. Xurdiron os Pireneos entre os macizos de Aquitania, Hespérico e do Ebro (que acabou afundíndose), e as cordilleiras Béticas, entre os macizos Bético-Rifeño e o Hespérico.

- Formáronse as depresións prealpinas paralelamente ás novas cordilleiras, e entre estas e o macizo antigo: a depresión do Ebro, paralela ós Pireneos, e a do Guadalquivir, paralela ás Béticas.

- A Meseta viuse afectada pola oroxénese alpina. En primeiro lugar pasou a inclinarse cara ó Atlántico, determinando a orientación cara a este océano de boa parte dos ríos

peninsulares. En segundo lugar formáronse os bordos montañosos da Meseta. No seu bordo oriental pregáronse os materiais plásticos depositados polo mar na era secundaria, orixinando a parte oriental da cordilleira Cantábrica e o Sistema Ibérico. No bordo sur da Meseta, o empuxe das cordilleiras Béticas levantou Serra Morena. Por último, o zócolo da Meseta, formado por materiais paleozoicos ríxidos, experimentou fracturas e fallas. Os bloques levantados formaron o Macizo Galaico e as serras interiores da Meseta (Sistema Central e Montes de Toledo). Nesta era tamén orixinouse o conxunto de natureza volcánica das Illas Canarias.

5) **Durante a era cuaternaria** (1,7 millóns de anos ata a actualidade) producíronse o glaciario e a formación de terrazas fluviais.

- **O glaciario** afectou ás cordilleiras máis altas (Pireneos, cordilleira Cantábrica, Sistema Central, Sistema Ibérico e Serra Nevada), dando lugar a glaciares de circo e de val. Os glaciares de circo nas cabeceira dos vales e os glaciares de val no val dándolle a forma de “U”.

- **A época glaciario caracterizouse pola formación de terrazas fluviais**, antigos chans de inundación abandonados polo posterior encaixamento fluvial. As terrazas son froito das alternancias climáticas do Cuaternario. Os sucesivos ciclos glaciais e posglaciais do Cuaternario deron lugar a terrazas graduadas. Na Península, as máis características son as formadas polo Douro, o Texo, o Guadiana, o Guadalquivir e o Ebro.

2.2. Transformacións recentes na estrutura agropecuaria española. a) As explotacións agrarias. b) Técnicas e sistemas agrarios. c) Política Agraria Común. (5 puntos).

O espazo rural é o territorio non urbanizado da superficie terrestre. Tradicionalmente foi un espazo agrario onde se desenvolvían as actividades agrícolas, gandeiras e forestais. Non obstante, desde a década de 1970, introducíronse outras actividades (residenciais, industriais, de servizos, recreativas e paisaxístico-conservacionistas) e o espazo rural volveuse máis heteroxéneo e complexo.

a) As explotacións agrarias

Unha explotación agraria é unha unidade económica que agrupa todas as parcelas traballadas por un mesmo agricultor ou gandeiro, xunto ás instalacións complementarias. En España contabilízanse hoxe un millón de explotacións agrarias, cifra moi inferior a décadas anteriores debido ao abandono de terras polos que se xubilaron, emigraron ou cambiaron de actividade e tamén como resultado dun proceso de concentración de parte desas terras.

Esa concentración permitiu a elevación do tamaño medio das explotacións aínda que existen fortes contrastes. O resultado é unha dualidade cada vez maior entre unhas explotacións familiares moi pequenas e pouco rendibles, en progresivo abandono ou traballadas só a tempo parcial cunha baixa produtividade e unhas empresas agrarias, de particulares, sociedades ou cooperativas, que teñen maior dimensión, estanse

modernizando e son rendibles.

Tamén existen importantes diferenzas rexionais en canto ao tamaño medio das explotacións agrarias: as rexións dominadas por cultivos de secaño ou devesas presentan explotacións de maior tamaño medio e as rexións húmidas e de especialización gandeira, xunto aos regadíos do litoral mediterráneo, contan con explotacións máis pequenas.

No referente ao réxime de tenza pode distinguirse entre tenza directa, arrendamento e parzaría. Na actualidade, un 70% das terras cultivadas mantéñense en tenza directa e tende a desaparecer o sistema de parzaría.

Un medio para conseguir explotacións agrarias rendibles de dimensión suficiente foi a creación de cooperativas (arredor de 4.000 e 45% da produción). Predominan as dedicadas a transformar os produtos e comercializalos.

b) Técnicas e sistemas agrarios

As técnicas e os sistemas agrarios experimentaron cambios desde a década de 1960. As transformacións técnicas consistiron na incorporación de avances como a mecanización de tarefas, a selección xenética das sementes e razas gandeiras, ou o uso de fertilizantes químicos e produtos fitosanitarios.

As transformacións nos sistemas agrarios supuxeron unha crecente intensificación da produción e un paralelo aumento do rendementos. A agricultura española actual coñeceu un intenso proceso de modernización, o que permitiu elevar a súa eficiencia. As transformacións máis importantes son:

- Unha crecente especialización do territorio nos cultivos para os que teñen mellores condicións competitivas, abandonando o resto.
- Maior investimento de capital para incorporar maquinaria (tractores, colleitadoras, motores para rega, etc.), produtos químicos (fertilizantes, herbicidas, praguicidas, etc.) ou sementes seleccionadas e transxénicas. Este tipo de investimentos reduce a necesidade de traballadores e aumenta os rendementos, aínda que tamén pode ter consecuencias negativas (contaminación riscos para a saúde).
- Forte incremento da superficie en regadío, que permite aumentar a produción pero tamén provoca a sobreexplotación de certos acuíferos e crecentes conflitos pola auga.
- Incorporación de novas técnicas de cultivo, como o enareado ou cultivo baixo plástico. No enareado alternanse capas de area e esterco, permitindo cultivar terras moi pouco fértiles; sobre todo, no sueste peninsular. O cultivo baixo plástico asóciase ao uso de técnicas avanzadas como o cultivo hidropónico, sen solo, a rega por goteo, ou a creación de microclimas controlados a distancia con medios informáticos.

c) **Política Agraria Común (PAC)**

As áreas rurais españolas cunha importante presenza de actividades agrarias enfróntanse desde hai décadas a importantes problemas: escasa competitividade dunha parte dos produtos (que só poden ser rendibles mediante subvencións), progresivo despoboamento e envellecemento das áreas rurais, redución dos empregos agrarios, ingresos medios inferiores e crecentes impactos ambientais.

Ante esta situación todos os países desenvolvidos manteñen unha política agraria que trata de asegurar a viabilidade do sector, e así manter a presenza no campo dun certo número de agricultores e gandeiros; procurando, deste xeito, elevar as súas rendas tanto por razóns económicas coma sociais e ambientais.

Desde a entrada na Unión Europea, a maioría das accións dirixidas á promoción do sector agrario español proveñen da Política Agraria Común (PAC). Aínda que a PAC coñeceu importantes cambios ao longo do tempo, a súa influencia sobre o sector agrario español concreouse nunha serie de accións:

- Establecemento de prezos de garantía para determinados produtos agrícolas e gandeiros con subvencións.
- Esixencia de redución de superficie, ou cotas máximas de produción, para algúns cultivos ou especies gandeiras que xeran excedentes non consumidos.
- Apoio á reforestación de terras agrícolas e á agricultura e gandería ecolóxicas.
- Axudas para a modernización das explotacións
- Apoio á diversificación económica do mundo rural (turismo rural, artesanía e industria, etc.).
- Axudas especiais para áreas de montaña e zonas desfavorecidas.

Pese a ser a clave que permite manter hoxe activas boa parte das explotacións agrarias, a PAC enfróntase a certas críticas debido a que absorbe parte importante do orzamento total comunitario, o que non corresponde ao peso relativo do sector e a que supón un proteccionismo do seu mercado interior.

PREGUNTA 3. Análise de documento gráfico:

Atendendo ás figuras 1 e 2: a) Cite as catro provincias que teñen unha porcentaxe máis alta de poboación residindo na súa capital (figura 1). (1 punto)

Álava, Madrid, Valladolid e Zaragoza

Comente o documento da figura 2 atendendo ás seguintes cuestións:

b) Identifique e describa a información representada, e determine o emprazamento e a localización da cidade. (1 punto)

A figura 2 é unha representación a escala dun fragmento do plano urbano da cidade de Barcelona, capital da comunidade autónoma de Cataluña e principal metrópole rexional.

Un plano urbano é unha representación gráfica das superficies construídas e as libres (rúas, prazas, xardíns, parques), así como a súa organización no espazo e a través do tempo. O plano permite diferenciar fundamentalmente tres grandes unidades morfolóxicas: o caso antigo ou cidade preindustrial (anterior ao século XIX), os ensanches burgueses e barrios industriais (século XIX) e as periferias (séculos XX e XXI).

O emprazamento é o lugar que serve de soporte físico á cidade. Barcelona está emprazada á beira do mar Mediterráneo (na figura podemos ver algúns dos peiraos das instalacións portuarias relacionadas coa importante función comercial que tivo a cidade dende a súa orixe, á que acompañaron a función comercial e defensiva). A cidade está encaixada entre o límite marítimo e as estribacións da Cordilleira Costeiro Catalá polo que o seu crecemento seguiu a liña de costa cara a municipios próximos como Badalona ou Hospitalet de Llobregat. A parte principal do plano correspóndese cunha chaira (dada a uniformidade da trama).

Hoxe en día é a segunda cidade máis poboada do país e a primeira de Cataluña formando parte dunha das áreas máis desenvolvidas do país polo que a súa influencia é suprarexional (mesmo nacional e internacional nalgunha das súas funcións), articulando o denominado eixe mediterráneo.

c) Relacione a evolución histórica da cidade cos tipos de trama que presenta o plano. (1,5 puntos);

Como a maioría das grandes cidades, Barcelona presenta un plano complexo que pode estruturarse en tres grandes áreas ou unidades morfolóxicas: casco antigo, ensanche e periferia.

O casco antigo ou histórico (cidade preindustrial) ocupa unha superficie relativamente pequena dentro da cidade actual. Barcelona na súa orixe foi un antigo campamento romano que xa tivo un plano hipodámico amurallado. Posteriormente, a cidade medieval remodelou estes espazos, creando un casco histórico de rúas estreitas e irregulares, abigarradas e rodeadas por unha muralla sinuosa. Esta parte é facilmente identificable na zona suroccidental do plano, ao leste da grande zona verde que corresponde ao parque de Montjuic: un plano anárquico propio da cidade medieval que amosa un crecemento sen planificación. As súas rúas son estreitas, curtas e retorcidas, propias do crecemento orgánico. A súa trama é pechada e compacta debido a que o crecemento da cidade aconteceu durante séculos no espazo intramuros, con construcións estreitas e altas, e practicamente sen infraestruturas comúns. Nesta zona se localizan algúns dos edificios históricos máis importantes da cidade (Catedral, Barrio Gótico...). O espazo público é moi limitado. A antiga muralla medieval foi reemprazada por rondas e vías que a atravesaron desde finais do século XIX, cando o tráfico rodado estimulou a demolición das murallas e a creación de novas rondas perimetrais.

O crecemento da cidade no século XIX levou a proxectar un ensanche en torno á cidade preindustrial. Ildefonso Cerdá foi o encargado de proxectar o ensanche burgués adoptando un plano en cuadrícula, dameiro ou ortogonal con mazás cadradas delimitadas por rúas que se cortan formando ángulo recto. Cerdá introduce a novidade

de rasgar as esquinas en chaflán para facilitar o tráfico da cidade (desta maneira a mazá cadrada se transforma en octogonal) e deixa, como podemos ver no plano, amplas rúas entre as mazás. O plano ortogonal rómpese coa apertura dunha diagonal que facilita o tráfico e os desprazamentos. O Ensanche de Cerdá, que prevía a combinación de zonas verdes con zonas edificadas e mesmo emprazamentos industriais, foise recheando progresivamente por mor dunha especulación urbanística que ocupou todas as mazás con funcións preferentemente residenciais.

A importancia industrial de Barcelona estimula o seu crecemento e novas expansións que supoñen a anexión á cidade do que eran pobos agrícolas transformados en barrios urbanos. Son as periferias dos séculos XX e XXI. O plano destas periferias non presenta a regularidade xeométrica e a amplitude de rúas que ten o ensanche burgués. Nelas localízanse barrios industriais, barrios obreiros, etc, con distintas morfoloxías relacionadas cos gustos urbanísticos e arquitectónicos das distintas épocas históricas.

d) Comente os problemas actuais das zonas antigas urbanas e posibles solucións. (1,5 puntos).

Ao igual que en moitas grandes cidades, os principais problemas do casco antigo son o deterioro físico de rúas e casas, o que da lugar a unha degradación social que provoca envellecemento da poboación, perda de poboación, baixo nivel de renda e concentración de clases marxinais cun rápido desgaste das edificacións. Isto provoca un deterioro ambiental que prexudica á imaxe da cidade. Ademais, a terciarización do solo provoca o baleiramento do centro fóra das horas comerciais.

As posibles solucións a estes problemas son a posta en práctica de políticas de rehabilitación de edificios, a creación de espazos verdes e o fomento do uso residencial. Tamén a aposta pola sustentabilidade medioambiental destes espazos (peonalización) para reducir a contaminación atmosférica e acústica, así como fomentar a cohesión social (área de oportunidades económicas que atraia poboación nova e de maior nivel de renda).

Non obstante, nos últimos anos, ligado a este proceso de revalorización dos centros históricos aparece o problema da xentrificación que remodela o espectro social da poboación que o habita.

Especialmente nestas zonas antigas deben fomentarse políticas públicas de conservación e revitalización mellorando os espazos públicos, rúas e prazas ou dar un novo uso a vellos monumentos, converténdoo, por exemplo, en edificios administrativos ou universitarios, que contribúan a dinamizar a vida dos centros históricos.

PREGUNTA 4. Análise de documento gráfico.

Atendendo ás figuras 3 e 4:

a) A partir da información da figura 3, indique o nome dos cinco sistemas montañosos sinalados nela. (1 punto)

1. Sistema Ibérico
2. Pireneos
3. Serra da Tramontana
4. Sistema Central
5. Serra Morena

b) Identifique os tipos de documento e a información presentada nas figuras 3 e 4. (1 punto).

A figura 3 é un mapa temático (físico) de España, no que se representan os principais ríos e sistemas montañosos. É un mapa de relevo e hidrografía moi simple, que carece de escala.

A figura 4 é unha fotografía frontal dunha paisaxe natural correspondente a unha zona montañosa do Norte peninsular, no que se escalonan en altura distintas formacións vexetais. A imaxe provén dunha conta oficial correspondente á promoción turística de Asturias.

c) Explique como inflúen os condicionantes físicos no desenvolvemento da vexetación propia desta rexión. (1,5 puntos).

No desenvolvemento da vexetación da rexión asturiana -na que se sitúa o Cordal Cantábrico- inflúen fundamentalmente tres condicionantes físicos: a altitude, a orientación e a pendente.

A altitude provoca unha redución da temperatura (gradiente adiabático) nunha media de 0,6°C cada 100 m de altura. A altitude determina tamén a concentración das precipitacións nun tramo determinado da montaña, alí onde a saturación do aire orixina maior cantidade de meteoros (choiva, saraiba,...). A partir de determinada altura, a precipitación tende a reducirse ou producirse en forma de neve. Todo iso provoca un escalonamento da vexetación en altura, tal e como se observa na figura 4, en que se distinguen netamente o piso arbóreo alpino boscoso e o piso nival con ausencia de vexetación. A pradería que aparece en posición inferior pode ser debida a un aproveitamento gandeiro que favoreceu a corta de parte da fraga. Bioxeograficamente encádrase na rexión eurosiberiana.

A orientación provoca diferenzas entre áreas máis húmidas (avesedos ou “umbrías”) - en xeral orientados cara ao N nesta zona xeográfica- e outras máis secas (solleiras, orientadas cara ao S. dos relevos dominantes). A orientación fornece de maior humidade ás abas de barlovento e menor ás de sotavento. En xeral, no Cordal Cantábrico, avesedo e solleira coinciden, respectivamente, con barlovento e sotavento.

Outro factor que determina a vexetación é a pendente (a maior pendente, menor profundidade de solo, motivo polo que nas altitudes máis elevadas o grosor do solo é escaso e a posibilidade de medrar os pisos arbóreos redúcese máis).

A vexetación que se distingue na figura 4 inclúe pradería, fraga oceánica de montaña - bosque caducifolio- e piso nival rochoso, no que non medra a vexetación por mor da forte pendente e a escaseza ou nula profundidade do solo.

d) Indique as características climáticas propias deste dominio. (1,5 puntos).

A área montañosa á que corresponde a figura 4 está por enriba dos 1.000 metros de altitude. Nestas áreas predomina, en España, o clima de montaña, caracterizado globalmente por un aumento das precipitacións totais anuais e unha redución da temperatura media anual con respecto á contorna próxima. Este sistema montañoso discorre de O a E no Norte peninsular, actuando como pantalla para masas de aire húmidas procedentes do Norte (efecto *Foehn*) o que provoca unha importante disimetría de vertentes en canto ao total de precipitacións.

A temperatura media anual soe estar por debaixo dos 10°C, e diminúe a medida que nos achegamos aos cumes montañosos. A oscilación ou amplitude térmica anual (diferenza entre a temperatura media máis elevada e a media máis baixa) soe ser superior aos 10°C, mesmo superior aos 15°C; esta oscilación fálanos do contraste estacional entre invernos fríos -con medias por debaixo dos 0°C- e veráns frescos -que non soen superar os 20°C.

As precipitacións anuais adoitan ser abundantes para o contexto español. Tenden a superar os 1.000 mm por ano. Distribúense de xeito bastante regular, se ben minguan en verán -a estación na que a influencia do anticiclón das Azores estabiliza o tempo meteorolóxico e facilita a redución das precipitacións. En consecuencia, nas montañas asturianas -ás que se refire a figura 4, en posición setentrional na península ibérica, a aridez estival é inexistente. Tan só noutras montañas mediterráneas ou canarias se produce un maior risco de aridez.

As montañas asturianas sitúanse na contorna do dominio climático oceánico, caracterizado globalmente polas precipitacións regulares e ben distribuídas ao longo de todas as estacións, xunto con temperaturas medias suaves. En consecuencia, estas características globais do dominio oceánico sonlle aplicables, pero tendo en conta a tendencia global ao incremento das precipitacións e da amplitude térmica existente nas áreas montañosas.



Tu esfuerzo tiene recompensa. Estamos contigo.

selectividad.academy



Selectividad Academy

Tu academia de selectividad online

● Mejor academia online de selectividad

Prueba sin compromiso

Primera clase gratis. Sin permanencia. Sin letra pequeña.

- ✓ Profesores especialistas en cada asignatura
- ✓ Clases adaptadas a tu nivel y tus objetivos
- ✓ Todos los exámenes oficiales resueltos paso a paso
- ✓ Calculadora de nota y guía completa en la web

623 769 002

Escríbenos por WhatsApp

www.selectividad.academy

→ Calcula tu nota en selectividad.academy/calculadora-selectividad

→ Guía completa en selectividad.academy/guia-selectividad

→ ¿Tienes dudas? Escríbenos sin compromiso